


**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA**

Santiago de Compostela a dezaioito de setembro de dous mil dezaioito.

**REUNIDOS**

Dunha parte,



Dona Concepción Fernández Fernández, Concelleira-delegada da Área de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2017, polo Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.


E doutra,

Don Juan Jesús Martínez López, con DNI 33.258.020-C, que intervéen neste acto en calidade de representante legal da Fundación Down Compostela, con número de identificación fiscal G-70040258 e domicilio social na rúa Alejandro Novo González, nº 1.- baixo 15706, en Santiago de Compostela, entidade sen ánimo de lucro (ONG) constituída no ano 2006 ao abeiro da lexislación, e declarada de interese social pola Orde de 8 de Marzo de 2006 (DOG, nº 59, do 24 de marzo) e Fundación de interese galego pola Orde do 25 de abril de 2006 (DOG, nº 87, do 8 de maio) figurando inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2006/1, actuando como presidente do padroado e conforme as competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 18 dos estatutos

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

**EXPOÑEN**

**Primeiro.**



O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa

plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

### Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atibuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).



### Terceiro

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

### Cuarto.

A Fundación Down Compostela constitúese en Santiago de Compostela, no ano 2006, conformado o Padroado da Fundación: Asociación Down Compostela, O Concello de Santiago de Compostela, A Universidade de Santiago de Compostela e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela.



Por Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 8 de marzo de 2006 (D.O.G. nº59, do 24 de marzo), clasificase de interese social a Fundación Down Compostela. A través da Orde do 25 de abril de 2006 (D.O.G. nº 87, do 8 de maio), declárase de interese galego e se ordea a inscrición no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego da Fundación Down Compostela; figurando inscrita co número 2006 /1, na sección da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

A Fundación figura inscrita así mesmo, no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar - no eido da discapacidade, nas áreas de actuación de Familia, Infancia, Menores e Muller, por resolución do 3 de xullo de 2006, co número F -01993 e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar - no eido da discapacidade por Resolución do 3 de xullo de 2006, figurando no devandito rexistro co número VP -2066.

Dende o 2006 figura no Rexistro de organizacións de iniciativa social - Grupo socio-sanitario do consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Santiago.

#### Quinto.

Dende a súa creación, a Fundación ven desenvolvendo diversas actividades acordes co Título II dos estatutos: obxecto, fins e beneficiarios da Fundación; o texto íntegro recóllese a continuación:

A Fundación ten por obxecto: "Partindo da dignidade de todo ser humano, o obxecto da Fundación constitúe a promoción e realización de todas cantas actividades contribúan á mellora das condicións e da calidade de vida das persoas con Síndrome de Down, procurando a súa plena integración familiar, escolar, social e laboral; e o desenvolvemento dunha vida normal, nun marco de solidariedade respecto doutras discapacidades.



No marco de normalización e respecto á diversidade, e para conseguir unha mellor integración social, a Fundación, no desenvolvemento dos seus fins, promoverá relacións con outras persoas e colectivos, públicos ou privados, con fins análogos ós seus propios, e en particular coa Fundación Síndrome de Down Compostela.

Así mesmo, a Fundación poderá integrarse en federacións ou noutras entidades de ámbito xeográfico superior, igual ou inferior, ou máis concreto, sempre que isto non supoña a perda da súa identidade.

#### Actividades fundacionais:

- 1) Promover e potenciar a realización de estudos ou investigacións nos campos da Medicina, Psicoloxía, Educación, Socioloxía, Dereito e outras ciencias, relacionadas co coñecemento das causas e efectos da Síndrome de Down e outras discapacidades, así como a aplicación das medidas de toda índole que poidan contribuír á mellora da saúde e potenciación do desenvolvemento integral e da vida en sociedade das persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 2) Promover e financiar a edición e distribución de publicacións, a celebración de cursos, congresos e conferencias e, en xeral, a realización de calquera outra actividade que posibiliten a información e formación de pais, titores e profesionais relacionados coas persoas que teñen Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 3) Promover ou realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado.

- 4) Realizar actividades de prevención e facilitar servizos de información, orientación e apoio ás familias nas que algúns dos seus membros teña Síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Promover e proporcionar o apoio formativo e psicosocial necesario para detectar, previr e superar as situacións de desprotección e outras dificultades na familia, así como para crear nela un entorno que favoreza a integración e la autonomía persoal. Colaborar na formación e preparación dos que tutelan, coidan ou conviven con persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, co fin de mellorar a súa capacitación en interese destes.
- 5) Procurar que os diversos servizos e axudas existentes sexan empregados polas persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, sen discriminación algunha por motivos económicos, sociais, políticos, relixiosos ou de calquera outra índole.
- 6) Procurar que toda persoa con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual reciba os servizos que precise, chegando incluso á prestación de axuda económica, material e persoal cando resultara imprescindible, unha vez esgotadas as vías públicas de subvención, exercendo tarefas de intermediación nas relacións dos beneficiarios coas administracións públicas.
- 7) Promover a creación, se se considerara necesario, de aqueles servizos que poidan axudar a mellorar a asistencia, coidado, educación, desenvolvemento, formación, actividade laboral e aproveitamento do tempo libre, e todas aquelas outras facetas que contribúan a mellorar a calidade de vida das persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Con este obxectivo impulsarase, e no seu caso facilitarase, a atención temperá, os programas persoais de desenvolvemento psicomotriz e cognitivo, o reforzo educativo e a formación e apoio prelaboral e laboral. Así mesmo facilitarase no posible o aloxamento independente de acordo con criterios de oportunidade e responsabilidade.
- 8) Difundir os principios da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e vixiar e impulsar o seu cumprimento. Participar na educación e sensibilización da sociedade na solidariedade e o respecto dos dereitos das persoas con discapacidade.
- 9) Colaborar e intercambiar información, experiencias e servizos con outras persoas ou entidades que realicen actividades tendentes a fins análogos.
- 10) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 11) Promover proxectos de integración familiar, escolar, laboral, social e programas de saúde.
- 12) Fomentar a promoción da muller con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual en tódolos ámbitos.
- 13) Fomentar todas aquelas políticas dirixidas a excluír e suprimir a discriminación das persoas coa Síndrome de Down e outras discapacidades.
- 14) Favorecer a inclusión social das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual, abordando as desvantaxes educativas e aumentando a súa participación no mercado de traballo, entre outras medidas, para lograr unha igualdade real de oportunidades en tódolos ámbitos.



- 15) Promover e organizar actividades de ocio e tempo libre dirixidas a mozos e mozas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, que fomenten a súa participación na sociedade e, polo tanto, a súa integración social, podendo crear, chegado o caso, unha sección xuvenil.
- 16) Mellorar os mecanismos existentes para a defensa dos dereitos das persoas maiores coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e proporcionar e promover accións de envellecemento activo e participación social, así como a prestación de servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida.
- 17) Promover e fomentar a implicación e participación dos voluntarios nas fins da fundación, podendo, para iso, elaborar un plan de voluntariado.
- 18) Exercer o dereito de voz en representación das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual en cuestións de interese xeral, a petición delas ou dos seus pais ou titores legais, diante de institucións, entidades privadas, organismos ou a administración local, provincial, autonómica e estatal ou de ámbito supranacional.
- 19) Evitar e, se fora necesario, denunciar a todas aquelas persoas, entidades, colectivos ou grupos, sexan da natureza privada ou pública, cuxas condutas atenten e poñan en risco os dereitos e intereses lexítimos das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 20) Exercer a tutela de persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 21) Participar en sociedades mercantís e desenvolver calquera tipo de actividade económica, cos límites e esixencias legais, en beneficio das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, xa sexa para financiar actuacións ou para facilitar a súa formación laboral e emprego.
- 22) Calquera outra que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e á realización das fins da fundación.

#### Sexto.

O Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

- **PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: "ESTO É VIDA"**

Para levar a cabo este proxecto ou programa o custe total aproximado, ascende a un total de **10.498,00 €** (DEZ MIL CATROCENTOS NOVENTA E OITO EUROS (Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).

Así mesmo, a través do presente convenio a entidade ofrece ó Concello de Santiago como entidade colaboradora para acoller a persoas que están a realizar traballos en beneficio da comunidade como forma de integración social.

## SEGUNDA.- CONTIDO.

- **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

**PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: "ESTO É VIDA"**

- **DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

Contemplamos este proxecto como unha primeira experiencia de Vida Independente para adultos coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual que nunca puideron gozar da posibilidade de xestionar a súa vida, xa que permanecen como nenos e nenas no fogar familiar. A entidade dispón dunha vivenda destinada a poñer en práctica todas as habilidades de vida diaria necesarias para ter unha vida autónoma e independente, realizando nela as seguintes actividades: compras, tarefas de cocíña, limpeza, lavado da roupa, xestión dos cartos, hixiene persoal, responsabilidades na xestión do fogar, desprazamentos autónomos....

As persoas beneficiarias do proxecto conviven e xestionan o fogar, en quendas de ESTANZAS TEMPORAIS, recibindo por parte dos e das profesionais da entidade, os apoios individualizados e necesarios para a optimización da adquisición das habilidades e competencias.

As persoas beneficiarias do proxecto asisten luns, mércores, xoves e venres a vivenda compaxinando esta actividade con outras actividades formativas ou vitais, como por exemplo, a asistencia ao seu traballo:

- **OBXECTIVOS E PRIORIDADES:**

O Proxecto de Vida Independente "Esto é Vida" non se entende como un recurso no que a persoa beneficiaria vaia a permanecer toda a vida, senón como un recurso para aprender a vivir de xeito independente. Está deseñado para capacitar ás persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual para vivir na súa propia casa, a planificar o seu futuro e realizar os seus proxectos de vida, para que poidan decidir onde e con quen queren vivir nun futuro, é dicir, xestionar a súa propia vida.

**Obxectivo Xeral:** Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias, preparándoas para unha vida autónoma e activa, plenamente integrada na sociedade

### **Obxectivos Específicos:**

O.E.1.- Promover experiencias de vida independente con apoios fora do núcleo familiar

O.E.2.-Deseñar e implementar o Plan de Apoio Individual na vivenda co fin de acadar as maiores cotas de autonomía

O.E.3.- Asesorar e informar as familias

- **ÁMBITO TERRITORIAL**

A entidade conta cunha vivenda cedida pola Xunta de Galicia e sita na rúa Estocolmo do polígono das Fontiñas de Santiago de Compostela. Esta vivenda está equipada con todos os elementos necesarios nunha vivenda habitual, dun fogar.

A Xestión do proxecto desenvólvese na sede da Fundación Down Compostela na rúa Alexandro Novo González de Santiago de Compostela. A implementación directa desenvólvese na vivenda da rúa Estocolmo.

Concellos de procedencia das persoas usuarias: Ames, Santiago de Compostela, Ordes, A Estrada, Teo Padrón, Brión e Boqueixón.

- **PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

As persoas destinatarias son persoas beneficiarias da Fundación Down Compostela, coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual maiores de 18 anos con certificado de discapacidade igual ou superior o 33% e que cumpran os seguintes requisitos:

- Motivación por parte da persoa beneficiaria, sendo a mesma quen manifeste o seu desexo de participar

- Condicións previas que favorezan o desenvolvemento a nivel de autonomía persoal, urbana

- Predisposición da familia a colaborar no proxecto

**Nº de persoas beneficiarias directas: 16**

Mulleres e homes: 5 mulleres e 11 homes: 11 persoas coa síndrome de down e outras 5 persoas con discapacidade intelectual.

**Persoas beneficiarias indirectas:** as familias e a sociedade en xeral da que forman parte estas persoas como cidadáns activos, independentes e de pleno dereito

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO**

Todas as actividades e proxectos que favorezan a autonomía contribúen a diminuír os niveis de dependencia das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Favorecen por tanto a capacidade para poder decidir sobre a súa vida e poder elixir, sen ter que depender doutras persoas para realizar actividades vitais, de lecer, de formación...

A visibilidade das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual en xeral e a demostración das súas capacidades nas contornas ordinarias, favorece a integración e mellora da súa calidade de vida, grazas a percepción das súas competencias pola poboación.

- **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

- Equipo de profesionais: directora/coordinadora; persoal de administración/ profesionais de atención directa na vivenda

- Vivenda sita na rúa Estocolmo do Polígono das Fontiñas en Santiago de Compostela. A vivenda consta de:

- 4 habitacións/dormitorios completamente amoblados

- Cociña totalmente equipada

- Salón comedor

- 2 cuartos de baño, un deles con adaptacións para persoas con mobilidade reducida (mampara e agarradoiras de seguridade)

- O inmovible onde está situada a vivenda conta de ascensor e praza de garaxe.

Outros recursos materiais:

- teléfono
- internet
- material funxible
- material de oficina
- material propio dun fogar

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

Cada unha das persoas beneficiarias do proxecto ten un Rexistro de seguimento onde quedan detallados os obxectivos a traballar, o punto de partida ao inicio de proxecto e a evolución o longo da implementación do mesmo.

**Satisfacción** dos grupos de interese: o rematar o proxecto pasaránelles as persoas beneficiarias e as súas familias, enquisas de satisfacción e suxerencias para ter datos cuantificables sobre a satisfacción co mesmo

**Avaliación :**

**Indicadores:**

- I.1.- Porcentaxe das persoas beneficiarias do proxecto que participan activamente nas experiencias na vivenda
- I.2.- Porcentaxe de persoas beneficiarias do proxecto que avanza na consecución dos obxectivos delimitados no rexistro de seguimento
- I.3.- Porcentaxe de familias das persoas beneficiarias do proxecto asesoradas e informadas

**Cuantificación:**

- R.A.1.- Que o 80% das persoas beneficiarias participen activamente nas experiencias da vivenda
- R.A.2.- Que o 80% das persoas beneficiarias avancen na consecución dos obxectivos delimitados no rexistro de seguimento
- R.A.3.- O 100% das familias das persoas beneficiarias informadas e asesoradas

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Enviarase carta explicativa do proxecto ás familias das persoas usuarias informando da colaboración do Concello de Santiago de Compostela; nota informativa na web da entidade; Cartel informativo na sede da entidade e na vivenda onde se desenvolve o proxecto.

- **DATAS**

DO 2 DE XANEIRO A 30 DE SETEMBRO 2018

- **ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:**

**1. NOME DA ACTIVIDADE: PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: ESTO É VIDA**

**DESCRIPCIÓN.** Posta en marcha do proxecto: Deseño, implementación e avaliación

**OBXECTIVO.**

.- Obxectivos xeral e específicos do proxecto

**PERSOAS DESTINATARIAS, NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.**

-16 persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual maiores de 18 anos

### LUGAR DE REALIZACIÓN

- Xestión técnica: Sede da Fundación Down Compostela
- Implementación directa: Vivenda rúa Estocolmo e contorna

### ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

- Selección das persoas beneficiarias
- Información as familias
- Deseño dos rexistros individuais
- Organización das quendas de ESTANCIAS
- Implementación das actividades na **vivenda co apoio das persoas profesionais**
- Avaliación continua en cada quenda de ESTANCIA
- Información continua as familias
- Enquisas de satisfacción as persoas usuarias e familias
- Avaliación individual final e resultados globais do proxecto

### Áreas:

- Coidado persoal: comprende habilidades relacionadas co aseo, vestido, hixiene e aparencia persoal.
  - Tarefas domésticas de limpeza
  - Preparación e cociñado dos alimentos. Elaboración de dieta equilibrada.
  - Planificación e orzamento da compra e gastos derivados da vivenda.
  - Seguridade no fogar (Existen carteis informativos na vivenda informando de que facer en caso de emerxencia, así como teléfonos visibles de servizos de asistencia).
  - Utilización da comunidade: inclúe habilidades relacionadas coa utilización axeitada dos recursos da comunidade: transporte, comercio, servizos públicos, normas de urbanidade...
  - Saúde e Seguridade: inclúe habilidades relacionadas co mantemento da saúde: comer, recoñecer cando se está enfermo, primeiros auxilios...
  - Habilidades sociais: habilidades relacionadas cos intercambios sociais con outras persoas.
- Todos estes parámetros serán avaliados durante o proxecto e traballarase co fin de capacitar as persoas usuarias en cada un deles de xeito que alcancen as maiores cotas posibles de autonomía.

### RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

- Equipo de profesionais: directora/coordinadora; persoal de administración/ profesionais de atención directa
- Vivenda sita na rúa Estocolmo do Polígono das Fontiñas en Santiago de Compostela

### DATAS


- Inicio: 02/01/2018 Fin: 30/09/2018

### TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2018, achegará á Fundación Down Compostela a cantidade de **DEZ MIL EUROS (10.000 euros)** segundo o artigo 33 das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018, e con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 48000/2018**.

### CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

- a) Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.
- b) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- c) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados: elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).
- d) Outros gastos correntes, que estean debidamente xustificadas e se consideren estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.
- e) En ningún caso serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc.) con cargo os proxectos ou actividade subvencionada, nin dietas por estes conceptos relativas o persoal que preste servizos no desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- f) Non se consideraran gastos subvencionables os efectos da presente subvención os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado.



#### **QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN**

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2018. Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

**A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como data límite o 31 de outubro de 2018, a seguinte documentación:**

1. Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura **(ANEXO I)**.
2. Unha memoria das actividades realizadas no proxecto **(ANEXO II)**. Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das



actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

3. Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio (**ANEXO III**).
4. Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de conformidade co **ANEXO III**. No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO VIII**. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.
5. Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, proveedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o **ANEXO IV**, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola Entidade no **ANEXO I**.
6. Unha memoria económica (**ANEXO V**), en que se reflicta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.
7. A **XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

#### 7.1. FACTURAS:

a) **Facturas orixinais de gasto** (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, **ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso a documentación acreditativa do pagamento, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro., e no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.


b) As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal e serán selados** pola Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos cun selo que indicará o procedemento para o que se presentan, para os efectos da súa validación. A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados



polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.


c) No caso de realizarse o **pagamento de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do proveedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.

d) Se presentan **facturas pagadas en efectivo**, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscientos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo. **(ANEXO VI)**.




7.2. Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

- Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.
- Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.
- Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- Os custos de persoal deberan acreditarse mediante **Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada. **(ANEXO VII)**



7.3. A xustificación do **PAGAMENTO** dos gastos imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- a) Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificarse mediante copia do resguardo do cargo da mesma. E conterá, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
- b) **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- c) **Efectivo**: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como gasoleneiras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscientos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben a través dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.
- d) Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
- e) No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.



8. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Entregar debidamente cumprimentado o **ANEXO VIII** que forma parte do convenio no momento da súa xustificación asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade.

10. Achegar o **nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria** na que facer o ingreso.

11. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a **adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarse a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberán presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula, conforme o **ANEXO IX**.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **31 de outubro de 2018**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

#### **SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN**

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS que forman parte do convenio**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, arquivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivamento e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as Entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folia dos modelos normalizados dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.

Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a Entidade axunte vía telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os **ANEXOS que se axuntan o convenio en formato de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico (pssociais.diversidades.saúde@santiagodecompostela.gal) - Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela, coa

actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na cláusula oitava do presente convenio.

- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- k) Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dado que a subscripción do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

#### OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada polo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións

data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **31 de outubro de 2018**.

#### **SETIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2018, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- 
- 
- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
  - b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
  - c) Remitir todos os ANEXOS que se axuntan o convenio en formato **de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería da Area de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.
  - d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
  - e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
  - f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o correnté no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
  - g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
  - h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
  - i) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das

(BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, regúlase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
  - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
  - b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
  - c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.Ademais, poderá incluír:
  - d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
  - e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

#### **NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, E TRANSPARENCIA**

1. As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A Concellaría da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá coas exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiras persoas; non obstante, o Concello de Santiago a través da Concellaría da Área de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e lle sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, que poderán exercerse ben

mediante escrito no cal se achegue identificación suficiente, dirixido ao seguinte enderezo: Concello de Santiago. Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos, Rúa Isaac Díaz Pardo 2-4 (Galeras) 15705-Santiago de Compostela.

2. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

#### **DÉCIMA. AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN**

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico do Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

Para os efectos de comprobar a execución do proxecto a entidade beneficiaria remitira con carácter mensual dende a sinatura do convenio unha memoria das actividades desenvolvidas ata a data, seguindo a estrutura da memoria que se incorpora no **ANEXO II** do convenio.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

#### **DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:



1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DECIMOSEGUNDA. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓN**

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2018, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.



### DECIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

### DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO



O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o 1 de xaneiro de 2018 ata ó 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de ser subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas quinta e sexta.

### DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polo polas cláusulas establecidas no convenio, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

	
D <sup>a</sup> Concepción Fernández Fernández. Concello de Santiago de Compostela	Don Juan Jesús Martínez López Fundación Down Compostela

**ANEXO I**

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

**ACTIVIDADE/PROGRAMA ANO 2018: PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: "ESTO É VIDA"**

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2018
<b>PERSONAL</b>	<b>9.594,00 €</b>
<b>GASTOS XERAIS DO PROXECTO:</b>	
-suministro de auga	120,00 €
-suministro de electricidade	162,00 €
-suministro de gas	150,00 €
-seguro de fogar	130,00 €
-comunidade	342,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>10.498,00 €</b>

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**



Fundación  
Síndrome  
de Down  
Compostela  
Fundación de Interese Galego 2006/1  
CIF: O 79 040 258

**LUGAR E DATA**

..... de ..... de 2018.

ANEXO II

**MEMORIA DO PROXECTO/ PROGRAMA**

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN ,ENTIDADE OU FEDERACIÓN

NIF

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

Obxectivos e prioridades. Explicaranse cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados

Persoas destinatarias. Explicarase a quen se dirixiu o proxecto, o seu número aproximado, o tramo de idade.

Sector de poboación atendida e número: Familia, Infancia e Xuventude, Muller, Persoas Maiores, Persoas valoradas como Dependentes, Aquelas Persoas que teñan recoñecida unha Discapacidade, Persoas pertencentes a Minorías Étnicas, Persoas sen fogar ou que habiten nunha infravivenda, Persoas Víctimas de explotación sexual ou trata, Mulleres vítimas de violencia de xénero, Persoas vítimas de violencia domestica, Persoas en proceso de deshabitación de substancias aditivas, Persoas emigrantes retornados/ás ou Persoas Inmigrantes, Persoas que teñan a condición de persoa refuxiada, e Persoas procedentes de institucións penitenciarias etc..

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarase o equipo que levou a cabo as actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se desenvolveron para a súa execución

Nome e apelidos	Funcións que levou a cabo no proxecto	Actividades en que participou	Tarefas que desenvolveu nas devanditas actividades

Explicar o impacto que tivo na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento.

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.

Explicar como se fixo a difusión e a visibilidade do proxecto. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

Calquera outra información que considere preciso incluír para obter unha visión global da avaliación do proxecto. Describa as dificultades e os apoios que se presentaron na execución do proxecto

#### **PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE A PRESENTE XUSTIFICACIÓN**

NOME  
APELIDOS  
FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE  
ENDEREZO ELECTRÓNICO  
TELÉFONO/S

**ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO (se o desenvolvemento do proxecto conlevou a execución de varias actividades. Deberá ser cuberta para cada unha das actividades repetindo o esquema)**

NOME DA ACTIVIDADE.


DESCRIBIR O QUE SE FIXO.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

LUGAR DE REALIZACIÓN

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN



RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

DATAS (indicar meses/días no que comezou e terminou a actividade)


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 (BOP nº 55, 22 de marzo 2017) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 1.1/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.



ANEXO III

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL  
NIF  
ENDEREZO  
LOCALIDADE  
TF/FAX  
CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS  
NIF  
EN CALIDADE DE

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

1. Que a Entidade/Asociación \_\_\_\_\_ ten cumprido co obxecto do convenio asinado con Concello de Santiago no ano 2018, para o desenvolvemento da Actividade/Programa/Proxecto \_\_\_\_\_, de conformidade coas cláusulas contidas no mesmo.

2. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.

3. Que esta Entidade cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria dunha subvención e, polo tanto, non esta incurso en ningunha das circunstancias de prohibición a que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Esta Entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e, fronte á seguridade social e, non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nin co Concello de Santiago de Compostela.

E a tal efecto:

- Autorizo o persoal da Area de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela, a solicitar as distintas Administracións Públicas, os datos relativos o cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social da entidade/asociación a que represento. Está autorización outórgase exclusivamente os efectos da tramitación da aprobación e xustificación do convenio coa Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago



de Compostela, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela do ano 2018.

- Non autorizo e presento:

- Certificado de Situación de cotización da Tesouraría xeral da Seguridade Social.
- Certificado da Delegación Especial de Galicia da Axencia Tributaria.
- Certificado da Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda.
- Certificado da Tesourería do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

5. A Entidade está de acordo coas actuacións de control e supervisión da subvención que se leven a cabo por parte do órgano concedente.

6. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

- Non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

- Ter solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P(1)	(2)IMPORTE (€)	%(3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S( solicitada),C( concedida),P( percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe da axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración /Entidade pública concedente e data da resolución.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. vostede pode exercer os


dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

Santiago de Compostela, a de de 2018.



ANEXO IV

**RELACIÓN DE FACTURAS/DOCUMENTOS QUE SE PRESENTAN PARA A XUSTIFICACIÓN**

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL  
NIF  
ENDEREZO  
LOCALIDADE  
TF/FAX  
CORREO ELECTRONICO


**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS  
NIF  
EN CALIDADE DE

**DECLARO** que a relación de **FACTURAS** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Concello de Santiago para a realización da actividade/programa/proxecto \_\_\_\_\_

do ano 2018 son as seguintes:

(1*) CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	NIF-ROVEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	(2*) FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE (€)



(1\*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.  
(2\*) Forma de pagamento: Cheque, Transferencia, Efectivo.

**DECLARO** que a relación de **NOMINAS/ RETRIBUCIÓN DE TRABALLADORES/AS** destinados a desenvolver a actividade/ programa \_\_\_\_\_ do convenio asinado co Concello de Santiago, para o ano 2018 que se presentan para a xustificación son as seguintes:

DATA NÓMINA	NOME TRABALLADOR/A	IMPORTE NÓMINA	SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE PAGAM.	FORMA DE PAGAM.

Desexa a devolución das facturas orixinais?

- SI** (Lembre que, para solicitar a devolución, deben achegar os orixinais e unha copia das facturas e dos xustificantes do seu pagamento).
- NON**.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE:** Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.



ANEXO V

MEMORIA ECONÓMICA

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL  
NIF  
ENDEREZO  
LOCALIDADE  
TF/FAX  
CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS  
NIF  
EN CALIDADE DE

**DENOMINACIÓN DO PROXECTO**


**ORZAMENTO DO PROXECTO**

Número da factura	Provedor/a	Importe	Vinculación detallada e explicación da súa necesidade, do gasto executado por cada actividade ou actuación concreta dentro do proxecto. Non é válida a simple descrición do concepto facturado.

**SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.





Así mesmo,

**DECLARO** coñecer que non poderanse presentar facturas pagadas nesta modalidade con importe superior ó **limite establecido no presente convenio, que establece en 600€ (seiscientos euros)** por cada factura, non podendo fraccionar o importe da facturas co obxecto de dar cumprimento a Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE:** Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.



ANEXO VII

**DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DOS/AS TRABALLADORES/AS DESTINADOS A DESENVOLVER AS ACTIVIDADES DO PROXECTO OU PROGRAMA**

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL  
NIF  
ENDEREZO  
LOCALIDADE  
TF/FAX  
CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS  
NIF  
EN CALIDADE DE

**DECLARO** que os/as traballadores/as que se mencionan, estiveron destinados a desenvolver o programa/actividade subvencionada \_\_\_\_\_

obxecto do convenio o asinado co Excmo. Concello de Santiago, para o ano 2018.

DNI	NOME/ APELIDOS-TRABALLADOR/A	CATEGORIA PROFESIONAL	XORNADA LABORAL


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE:** Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.







**ANEXO IX**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE**


**DATOS DA ENTIDADE**  
 NOME OU RAZON SOCIAL  
 NIF  
 ENDEREZO  
 LOCALIDADE  
 TF/FAX  
 CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**  
 NOME E APELIDOS  
 NIF  
 EN CALIDADE DE

**DECLARO** ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/actividade subvencionada \_\_\_\_\_  
 obxecto do convenio, asinado co Excmo. Concello de Santiago no ano 2018, de conformidade co establecido na **cláusula oitava** do convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.  
**A tal efecto achegase coa memoria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicte o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.**

- Aportase como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla páxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos o/s seguinte/s:


- **Indícanse** as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os

dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018 Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.

